

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES (2020)



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

Índice:

1. Actividades relacionadas coa COVID19
2. Actividades de defensa da profesión
3. Alegacións presentadas
4. Comisións sectoriais
5. Actividades de formación e xornadas técnicas.
6. Bolsa de Emprego.
7. Servizo de información.
8. Outros servizos colexiais.
9. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
10. Participacións do COBGA.
11. Varios.
12. Reunións do COBGA.
13. Percepcións membros Xunta de Goberno.
14. Informe anual de xestión económica.
15. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
16. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
17. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
18. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
19. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
20. Estatísticas colexiacións.
21. Información estatística sobre a actividade de visado.
22. Información estatística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

1. Actividades relacionadas coa COVID19

1.1. Colexiados/as do ámbito sanitario e afines dispostos a colaborar coa administración nas probas PCR. O 16 de marzo, ante a difícil coxuntura, enviamos unha solicitude aos colexiados do ámbito sanitario e afines dispostos a colaborar coa administración nas probas PCR e así mesmo enviamos escrito ao Conselleiro de Sanidade poñendo a disposición da Administración galega de saúde os servizos dos seus colexiados expertos en PCR-RT, así como os seus equipos, para resolver continxencias extraordinarias dos servizos correspondentes. O mesmo 16 de marzo contesta "*Acusamos recibo de su comunicación, que en estos especiales y difíciles momentos de crisis, agradecemos especialmente*". Non se chegou a facer ningunha petición de colaboración por parte da administración.

1.2. A sede colexial permaneceu pechada do 16 de marzo ao 22 de xuño. Pese a elo mantíveronse os servizos colexiais...fixéronse chamamentos aos colexiados/as baixo o lema "Os biólogos de Galicia debemos dar exemplo de rigor, científico e profesional! #EuFreoACurva #EuQuedomeNaCasa"

1.3. Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos (CGCOB) Circular Informativa.

O CGCOB informou a Presidencia del Gobierno e ás autoridades sanitarias da completa disposición dos biólogos e biólogas de España para prestar toda a axuda e servizos que se consideren necesarios e oportunos referente ao estado de alarma e a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID19-19, tanto en recursos humanos como en medios e infraestruturas. O CGCOB ofreceuse a trasladar os datos dos/as colexiados/as de calquera Colexio Oficial de Biólogos territorial. O CGCOB quedou á espera das instrucións que finalmente non se produciron. O COBGA púsose ao dispor do CGCOB a base de datos de voluntarios galegos que presentáronse ao chamamento (16/III/20).

1.4. Plataforma tecnolóxica de seguimento que rastrexará e monitorizará os contactos das persoas infectadas polo COVID19-19 (rastrexadores). En relación coa posta en marcha dunha plataforma e o disposto na Orden SND/404/2020, de medidas de vigilancia epidemiolóxica de la infección por SARS-Cov-2 durante a fase de transición cara unha nova normalidade (novo persoal de reforzo incorporado), o Colexio púsose a disposición da Administración sanitaria de Galicia

os seus colexiados, para as eventuais contratacións necesarias para facer efectivo dito recurso. (12/V/20)

1.5. A plataforma de formación do COBs-Biodemecum ofertou de balde o Curso Intensivo de Bioseguridad en Laboratorios. dirixido aos voluntarios PCR para que adquiran os coñecementos necesarios sobre bioseguridade. Ofertáronse a nivel nacional 400 prazas de balde, en dúas edicións. Participaron 37 colexiados/as do COBGA.

1.6. Campaña do CGCOB “BIÓLOGOS, PROFESIONALES SANITARIOS ¡YA!”. A instancias do COBGA o CGCOB iniciou esta campaña nas redes sociais.

1.7. O Colexio de Biólogos de Galicia participou, mediante a representación do Decano, na Homenaxe dos colexios profesionais sanitarios de Galicia ás vítimas da COVID19 Ante a pandemia, os profesionais da saúde cumpriron fiel e exemplarmente co seu deber deontolóxico: antepuxeron os intereses dos pacientes aos seus propios e arriscaron a súa vida –ata incluso perdela- por salvar as dos demais.

2.Actividades de defensa da profesión

As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e nos boletíns informativos periódicos e estiveron suscitadas por:

2.1. Reclamación dos biólogos italianos ante o Tribunal de Justicia da Unión Europea sobre interpretación da Directiva 2002/98/CE, sobre tratamento, etc. de sangue humano no que atinxe aos requisitos dos responsables destes centros, que podería ter repercusión na normativa española. Remitimos escritos aos colexiados/as e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Técidos, recabando información sobre o número deles traballando neste eido. (20/V/20)

2.2. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Interponse recurso de reposición contra o Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares (PCAP) na contratación do "servizo para elaboración de documentos técnicos de identificación das principais ameazas dos valores naturais nos espazos protexidos da Rede Natura 2000 de Galicia". O Director técnico debe posuír a titulación de enxeñería de montes, agrónoma ou equivalente, con experiencia mínima de cinco anos no desenvolvemento de traballos relacionados, caracterización que cumpre á perfección o profesional biólogo especialista en avaliación ambiental, acreditada en sentencias xudiciais e na práctica do exercicio da profesión, avaliada por innumerables visados de traballos profesionais. "É innegable a mala práctica que surxe da aplicación dos PPTP e PCAP en canto a inhabilitar aos biólogos para Director técnico por non consideralos técnicos ambientais". (10/I/20)

2.3. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda-2. O recurso de reposición citado é desestimado "... pese ao dito "a prestación do servizo debe apoiarse nos coñecementos altamente especializados en materia ecolóxica que aportan os licenciados en Bioloxía". (7/II/20)

2.4. Dirección Xeral de Función Pública. A Asociación Profesional de Biólogos da Xunta de Galicia e o Colexio, representado polo seu decano, mantiveron unha entrevista co Sr. Director Xeral, para poñer no seu coñecemento as reivindicacións do colectivo. En concreto, subir a nivel 24 mínimo todas as prazas de biólogo/a das distintas Consellerías; complementos específicos de cada praza en función do traballo desempeñado, para recoñecer e compensar as particularidades propias de cada unha delas, as cales adoitan ser frecuentes en prazas relacionadas con traballos de campo (perigo, penosidade, etc.); horario especial de determinadas prazas suxeitas a condicionantes inherentes ao tipo de traballo que desempeñan; concurso de corpos especiais con frecuencia bianual; cursos de formación específica de biólogos/as;; titulacións de acceso á oposición de Bioloxía (elaboración dunha proposta de temario coherente e axeitado para a defensa da nosa profesión). (11/II/20)

2.5. Consellería de Medio Ambiente. A Asociación Profesional de Biólogos da Xunta de Galicia e o Colexio (representado polo decano) reuníronse coa Secretaria Xeral Técnica, tamén co obxectivo de expoñer as reivindicacións profesionais pendentes. O resultado foi decepcionante xa que a Administración neste caso non amosou ningunha intención de "traballar" pola defensa da profesión nin da revalorización dos nosos postos de traballo. (14/II/20)

2.6. Concello de Pontevedra. Interpoñemos recurso potestativo de reposición contra o Acordo da súa Xunta de Goberno, de 7 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo do Concello de Pontevedra e o seu organismo autónomo, respecto ás prazas 5209 (Técnico med. medio ambiente e servizo de limpeza) e 5210 (Técnico med. en medio ambiente natural), ubicadas na Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestrutura, Enxeñería e Servizos, porque exclúen á titulación de Bioloxía para o seu desempeño. (16/VI/20)

2.7. Concello de Pontevedra. Decide estimar o noso recurso de reposición contra a modificación da RPT do Concello e do seu organismo autónomo no sentido de engadir como titulación esixible para os postos con código 5209, técnico medio medio ambiente e servizo de limpeza e 2010, técnico medio en medio ambiente natural, a titulación de licenciado en bioloxía ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de biólogo. (6/VII/20)

2.8. Concello da Coruña. Presentamos reclamación contra a aprobación inicial da RPT, pola praza 1136 Xefe de Sección de Biodiversidade (Departamento de Medio Ambiente) que exclúe a titulación de Bioloxía. (14/VII/20)

2.9. Concello da Coruña. Se estima a nosa alegación, presentada con data 15/07/2020 incluíndo a titulación de biólogo (código 1105) no posto de Xefatura de Sección de Biodiversidade (referencia 1136), de conformidade co informe emitido polo Servizo de Persoal que serve de motivación ao presente acordo. (19/VIII/20) [Ver [acordo](https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/08/19/2020_0000005653.html)]
https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/08/19/2020_0000005653.html

2.10. Recurso de Alzada. Presentamos Recurso de Alzada contra a provisión dun posto de Xefatura de Sección de Análisis Clínicos da Xerencia de Área Sanitaria Pontevedra-Salnés (Resolución de 12 de novembro de 2020) no que como requisito pídese "estar en posesión dos títulos de grado, licenciado ou doutor en Medicina, e o da especialidade en Análises Clínicas", excluindo deste xeito aos titulados en Bioloxía coa especialidade de Análises clínicas. Pedimos tamén como noutras convocatorias similares a inclusión dos especialistas en Bioquímica clínica. (11/XII/20)

2.11. Enviamos aos Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia (PP, PSDG e BNG) alegacións ao proxecto de Lei de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, que atopándose actualmente en plena tramitación parlamentaria. (15/XII/20). Pedimos:

- Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Modificación proposta: Que á especialidade de Bioloxía do Corpo da Administración Especial da Xunta se acceda coa titulación de Licenciatura ou Grao en Bioloxía.
- Na escala superior de seguridade e saúde no traballo. Modificación proposta: Incluir a de Bioloxía (Grao ou Licenciatura con título de técnico con formación en nivel superior, nas tres disciplinas preventivas) entre as titulacións habilitantes.
- Modificación do artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Modificación proposta: Artículo 8. Definiciones.24. Personal técnico competente: Os actuais titulados en enxeñaría de montes ou enxeñaría técnica forestal e demais titulados universitarios con competencias en sistemas e medios forestais.

2.12. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia denuncia a **discriminación da nosa titulación na oferta de prazas de formación sanitaria especializada (#BIR)**. Remitimos escrito ao Conselleiro de Sanidade Xunta e aos/as Xerentes/as das Areas Sanitarias Galegas, así como unha nota de prensa (ver notas de prensa). (15/XII/20)

3. Alegacións presentadas

Consulta previa Lei de Avaliación Ambiental de Galicia. Envíanse á Consellería de Medio Ambiente as alegacións realizadas pola Comisión de Medio Ambiente, esencialmente referidas a: Participación pública, Caducidade da DIA, Coordinación de procedementos, Informe de alcance dos EsIA, Inspección actividades autorizadas por declaración responsable, Afeccións a Espazos Red Natura 2000, Órgano substantivo e ambiental. "Non podemos coincidir no diagnóstico de que os procedementos de avaliación ambiental son unha eiva que limitan a mellora da competitividade das empresas... "que poidan facer máis competitivas ás empresas galegas, tanto no eido da redución dos prazos dos procedementos ambientais como a posibilidade da súa simplificación nos casos en que sexa posible". (31/1/20)

O CGCOB nos remitiu o **Proxecto de Orden por la que se establecen medidas en relación con las capturas accidentales de cetáceos** durante las actividades pesqueras. Remitímoslle ao CGCOB os nosos comentarios.

O CGCOB nos remitiu o **Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible en solos agrarios**, seguindo os pasos do RD 1311/2012, de 14 de setembro, para os usos sostibles dos produtos fitosanitarios, no que se nos exclue nas titulacións con acceso directo a o cargo de sesor. Agora propoñen crear o asesor en fertilización, e no Anexo XII de novo nos excluen. Dende o COBGA solicitamos ás Facultades de Bioloxía un certificado que demostre que cumprimos con contido de créditos ECTS solicitados no citado anexo. Remitímoslle ao CGCOB os certificados recibidos por parte da USC e a UVIGO.

Desde a Secretaría do Consejo Estatal para el Patrimonio Natural y la Biodiversidad del Ministerio TERD, e a través do CGCOB, solicitaronnos opinión sobre o **borrador del Informe 2018 sobre el Estado del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad**. Enviamos os comentarios recibidos

4. Comisi3ns sectoriais

As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.

- Ao longo de 2020 non se houbo reuni3ns das comisi3ns sectoriais.

5. Actividades de formaci3n e xornadas t3cnicas

Unha das funci3ns do COBGA especificadas nos seus Estatutos 3 a de organizar cursos para procurar a formaci3n permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos bi3logos.

-Dada a situaci3n de pandemia centralizamos as actividades de formaci3n as trav3s da oferta da plataforma de formaci3n on line dos COBs, BIODEMECUM

6. Bolsa de Empleo

Enviáronse 150 ofertas específicas fundamentalmente relacionadas cos sectores calidade, ambiental, reprodución asistida, pesca, viticultura, docencia, comercial, farmacéutico, etc. A meirande parte das recibidas inclúense nos NOVAS (cunha media de 3 en cada edición), xa que os ofertantes prefiren a máxima difusión delas.

7. Servizo de información

7.1. NOVAS COBGA.

En 2020 o boletín informativo mensual (NOVAS COBGA) mantivo 13 edicións que foron colocándose puntualmente cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados (e enviadas vía e-mail tamén) e cunha media de 35 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa; Emprego; Bolsas, Axudas e Subvencións; Premios; Actividades de formación; Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas...; Recursos na Rede; Varios; Ofertas a colexiados/os; Lexislación.

7.2. NOVAS Semanais

Os venres envíase esta folia informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 40 edicións. Ademais, os mércores envíase un avance chamado PRENOVAS (agás de agosto a decembro que parouse o seu envío por cuestións administrativas).

7.3. Páxina web.

Visitas en 2020: 41.660; Directorio: 4.433; NOVAS COBGA e NOVAS Semanal: 7072 visitas

7.4. Redes Sociais.

- Facebook:

Publicacións: 259; "Me Gusta" (novos) na Páxina: 210; Alcance: 295.944

- Twitter: Tweets: 263; Impresións de Tweets: 275.602; Visitas ao perfil: 4.649; Menciones: 360; Novos seguidores: 557

- Linkedin:

Contactos: 3.345 (31/12/20, +578)

WhatsApp: Actualizamos os nosos medios de contacto incluíndo este servizo de Co noso teléfono como contacto (981531440)
<https://api.whatsapp.com/send?phone=34981531440>

8. Outros servizos colexiais

En 2020 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con novos provedores de:

8.1. bens e servizos: Tau Analytics

8.2. actividades de formación (matrícula): Instituto Superior del Medio Ambiente e Tau Analytics

9. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

- **Discriminación dos/as biólogos/as no BIR** [17/12/20] [\[nota de prensa\]](#)
- **Día Mundial do Medio Ambiente.** [05/06/20] [\[nota de prensa\]](#)
- **Nota de prensa sobre os resultados do proxecto II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.** [06/03/20] [\[nota de prensa\]](#)
- **Xornada sobre o enfoque feminino na loita contra os lixos mariños** [27/02/20] [\[nota de prensa\]](#)
- **Xornada Limpeza Ons.** [19/02/20] [\[nota de prensa\]](#) [\[prensa 1\]](#) [\[prensa 2\]](#) [\[prensa 3\]](#) [\[prensa 4\]](#) [\[prensa 5\]](#)
- **Resultados Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía.** [17/01/20] [\[nota de prensa\]](#) [\[prensa 1\]](#) [\[prensa 2\]](#)
- **José Manuel Martínez, Vocal de Sanidade do COBGA e do CGCOB "¿Pueden las pruebas PCR detectar restos de covid antiguos y sin poder infectivo?"** <https://www.elcorreogallego.es/primer-plano/pueden-las-pruebas-pcr-detectar-restos-de-covid-antiguos-y-sin-poder-infectivo-AD4674301>
- **"Que alguien se haya reinfectado no quiere decir que vaya a tener los mismos síntomas"** <https://www.facebook.com/cobgalicia/photos/a.532411840176216/3291829220901117/>

10. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

- **Xornadas formativas sobre as actividades profesionais dos biólogos.** A prevista da Facultade de Ciencias da UDC o 23 de marzo foi cancelada polo decreto do estado de alarma

11. Varios

11.1. Libro Blanco de las Profesiones Colegiadas para la Reconstrucción de Galicia ante la COVID1919 de la Unión Profesional de Galicia. O Colexio fixo as súas propostas que foron tidas en conta pola UPG. [http://www.unionprofesionaldegalicia.org/documents/Libro UPdeG COVID1919_ga.pdf](http://www.unionprofesionaldegalicia.org/documents/Libro_UPdeG_COVID1919_ga.pdf)

11.2. Guía de Peritos:

A instancia do Xulgado Decano de Padrón enviamos o listado de Peritos do Colexio para seleccionar un Colexiado/a para actuar nun procedemento seguido nese xulgado. [marzo 2020]. Ante a renuncia do perito seleccionado o 10/11/20 o Xulgado 1a Instancia e Instrucción nº 2, de Padrón nos remite oficio solicitando "nombramiento de uno de sus miembros para que emita informe sobre el impacto que la actividad de marisqueo furtivo denunciada pueda tener en el rendimiento de los bancos marisqueros en términos cuantitativos y cualitativos del producto de explotación". O XX de decembro enviamos os datos do colexiado que resultou elexido mediante sorteo entre os que se propuxeron.

11.3. Día do Biólogo. Posposto a setembro pola situación de estado de alarma finalmente non celebrouse debido a situación de pandemia e as restricións de aforos e mobilidade.

11.4. Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía. Celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, a decimoquinta edición do certame e nela participaron 98 estudantes de 29 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado por: D. José Alberto Díez de Castro. Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, D. Antonio Segura, Decano da Facultade de Biología da USC, D^a. Mercedes Casal Vocal do COBGAm D. Manuel Pimentel Coordinador Grado de Bioloxía da Facultade de Ciencias da UDC, D^a. Mercedes Gallardo Decana da Facultade de Bioloxía da UUVIGO e D. Pablo Fernandes, en representación da Olimpíada Española de Biología. Os/as gañadores tiñan que participar na fase nacional en Bilbao que pospúsose pola situación de pandemia e finalmente celebrouse na Facultade de Bioloxía da USC en formato on line, o alumno Isaac Pazos obtivo un 9º posto na Fase Nacional.

11.5. Rede recuperación ecosistemas mariños no PNMT

Concluimos no 2020 o proxecto titulado II Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia desenvolveuse no arquipélago de Ons e Sálvora continuando cos traballos realizados ao longo de 2019 e principios de 2020. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) actuou como beneficiario e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) en condición de socio, contando coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Transición Ecolóxica a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP.

No 2020 relizaronse as seguintes accións:

- Formación a voluntarios de IGafa en basuras marinas [13/01/20].
 - Xornada de limpeza de lixo mariño nas praias da illa de [20/02/20]
 - Rueda de prensa de clausura del proxecto [03/03/2020]
 - Actividad de visibilización de la mujer mariscadora y su solución para el problema de las basuras marinas 03/03/2020
 - O proxecto foi presentado ao II Premio experiencias inspiradoras programa sociedad y áreas protegidas_03/03/20
- Resultados https://biologosdeg Galicia.org/imaxes/ii-rede-pnmt/datos-finales-para-web-pleamar_cast.pdf

11.6. O Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Empleo Estatal, remítiunos unha enquisa sobre as necesidades de formación dos biólogos/as: Remitimos as respostas recibidas. (20/10/20)

12. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

12.1. Xunta Xeral Ordinaria do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) posposta pola pandemia da COVID19 celebrouse o venres día 11 de decembro de 2020, de xeito virtual.

12.2. Consejo General de Colegios de Biólogos (GCOB).

O Decano e un vogal participaron na pleno do 29/02/2020 (presencial) e Decano nas seguintes reunións da comisión permanente (on line): 1/VII; 23/IX; 30/IX; 15/X; 23/X; 19/XI, nas que se trataron diversos asuntos, coma a bioloxía sanitaria.

13. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraxa, dietas ou aloxamento.

-Pedro Pablo Gallego (Vogal): 389,60 €

Os gastos foron reingresados polo CGCOB.



14. Informe anual de xestión económica

Disponible na información da Xunta Xeral

15. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano	15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano	35,00
- Cota semestral colexiación normal	51,50
- Cota semestral colexiación reducida	30,00
- Compulsas colexiados	0,15
- Visado colexial	Segundo o Regulamento de Visado
- Inscrición Rexistro traballos profesionais	0,1B (252,73 €) + IVE
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)	6,31

16. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrucción.

- Ao longo do ano 2020 non se produciron procedimientos informativos ou sancionadores.

17. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.

- Ao longo de 2020 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

18. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.

- A través do CGCOB estase a elaborar un borrador de código deontolóxico, no que se está a traballar, coa participación do COBGA.

19. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.

- Ao longo de 2020 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

20. Estatísticas colexiacións.

- En 2020 producíronse 102 altas (11 tipo B, 41 tipo C, 50 cota COVID19) e 54 baixas (47 voluntarias e 4 por morosidade, 1 trasladados, 2 falecementos). O activo a 31/12/2020 é de 1.281 colexiados/as.

21. Información estatística sobre a actividade de visado.

- En 2020 non foi sometida ao trámite de visado colexial ningunha memoria de traballo profesional.

22. Información estadística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

- En 2020 non foi sometida ao trámite ningunha memoria de traballo profesional.